

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 31/01/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.3. Solicitude de subvención da Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares para a elaboración de traxes de Entroido (Exp. 55/2020)

Dáse conta da instancia presentada por Ángela Iglesias Dasilva, en nome e representación da Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares, con CIF G32259996, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a elaboración dos traxes de Entroido de Mugares (labardeiros e señoritas).

A entidade solicitante figura inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén co nº 15, en virtude do decreto da Alcaldía de data 26/01/2006. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidenta, sen que conste ningunha modificación nos órganos reitores da entidade.

A achega económica do Concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista nos artigos 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén. O alcalde xustifica a concesión directa no interese público e social que supón a celebración do Entroido de Mugares, que foi recuperado por esta asociación e que conta con dúas figuras típicas cunha vestimenta tradicional, o labarheiro e a señorita.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 19/06/2019 (BOP nº 166, do 20/07/2019), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de Mulleres Rurais Amencer de Mugares unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello, polo interese público e social da actividade subvencionada, polo importe de 500,00 €, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2020. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos de elaboración dos traxes de Entroido de Mugares (labardeiros e señoritas) segundo a solicitude presentada. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.



SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 21/12/2020 a conta xustificativa, que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtivesen para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Declaración xurada acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)



Cod. Validación: 968HYPA6PEKMLLS2R3HGRGK | Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2